

Elas. Só elas. Cura, amor, sinceridade, xenialidade. Elas, sempre elas, efémeras á vez que eternas, infinitas no corto camiño da vida. Tan especiais. A sorte invadíume no momento en que as coñecín. As serendipias da vida á vez traen agasallos que non poden ser pagados con ningunha moeda. Preciosas, sempre, simples, elas. Porque son o meu propósito cando me esperto. Saben ler a miña mente, aínda cando a encerro nunha caixa forte que naide pode abrir. Miradas impertérritas que din mil palabras, un xesto, un golpe, mensaxes ocultos en linguas prohibidas. Linguas que son só nosas. Porque somos e seremos sempre nosas. Non compartimos, nós non. Porque sabemos que os nosos segredos están gardados no máis fondo do corazón, naquel lugar onde aínda non hai oco para xulgar. Porque unha antes e outra despois.

Porque hai anos que coñecín a unha delas, brilla, con luz propia, tímida, aínda que a ilusión esperta nas súas meniñas no momento no que encontra algo que a apaixona. As melodías móvense entre o seu cabelo crecho, facendo que baile ao son de cancións infinitas. Oráculo de delfos agochados nos seus ollos de avelá xigantes, eternos, puros. Sempre cunha man para axudar. Porque é o marmurio da conciencia, que nos conta polo baixiño o que máis nos convén. Alma vella en corpo novo. Sabiduría encarnada na súa mente. Como pode saber tantas cousas da vida sen aínda vivila? Seguridade, nela encontras o teu acubillo, o teu niño, unha pinga de luz no fondo do abismo. Porque ela, dáche opcións non queixas, solucións aos teus males cando parece que é un problema imposible. Tranquilidade, calma, vive nunha realidade etérea que ás veces esperta nun Big Bang interior o cal só pode ser causado pola súa maior paixón. Porque ela aséntase nas súas historias, mergúllase entre deuses, mitos e lendas, o seu lugar seguro encóntrase entre as páxinas, infinitas, eternas, mente magnífica na que acumula a maxia de todo o que encontra. E que só os máis afortunados poderán ver, cando descubran a caixa de Pandora que agocha no seu interior.

Á outra ela coñézoa dende hai poucos anos, aínda así estivo comigo toda a miña vida. Como aquel fío vermello xaponés do que falan as antigas lendas. Levamos anexionado a nós unha conexión indudable. Que fai que sempre poidamos seguir ante as adversidades, xuntas. Ela é maxia, no maior sentido da palabra. A luz aparece cando pasa. Os seus sorrisos dan vida. Con ela podes contar as verdades máis segredas, podes rir, chorar, amar... Con ela non hai medo. É preciosa, aínda que ela pense que non. Os seus grandes ollos da cor do carballo, eternos, nas súas meniñas observo un universo enteiro, un que só é seu. Na súa mente as imaxes son ilimitadas. Na súa pel ven tatuada a palabra artista. Ela deixa pegadas de imaxinación por onde pasa. Miles de historias que pasan pola súa mente cada segundo, a creatividade é infinita, naquela mente, virtuosa das emocións. Aínda que ela pensa que non. Non sabe que a súa fermosura podería viaxar ás Antípodas e volver deixando unha sensación de ledicia en toda a xente á que chegue. A súa sensibilidade é incalculable, tan delicada e tan forte á vez. As súas bágoas logo serán letras para cancións, os versos dalgún poema, ou os pasos dun novo baile. Ela sabe transformar a dor en arte. Porque entre as ruínas encontra o tesouro, a luz. Aínda que ás veces vexa todo escuro.

Nosoutras sempre estaremos ahí, ante todo, sen peros, sen excusas, sen dor. Porque ela sempre está, con todos, a súa forma de querer é a máis pura que coñecín. Ama tanto que ás veces non deixa nada para ela. Dá o seu corazón. Aínda así debe encontrar a alguén tan valente que poida gardar o seu fermoso tesouro. Que aínda que ás veces poida estar danado polas treboadas que produce a vida, sempre será de ouro. Bonita por dentro e por fóra. Sempre, impertérrita, inmarcesible. Ela segue sorrindo aínda que o seu interior se rompa en anacos. O seu amor será sempre eterno, aínda que limitado, porque só debería pertencerlle a quen máis o merece. Sinceramente, non creo que exista alguén digno de tal honor, pero supoño que será o seu labor encontralo, sempre acompañada dos nosos murmurios, que escoitará nas treboadas, nas noites de xeo e nas alboradas, cando a súa mente necesite un atisbo da nosa razón, non sempre acertada, pero sempre dende o corazón.